

ESTREA EN NUMAX: 28.12.2022 | V.O.S.E. | +16

Uns días antes do Nadal, Matthias volve á súa vila natal, unha localidade multiétnica de Transilvania, tras deixar o seu traballo en Alemaña. Está preocupado polo seu fillo, Rudi, que creceu sen el, e polo seu pai, Otto, que quedara só, e desexa volver a ver a Csilla, a súa ex moza. Trata de involucrarse máis na educación do neno, que pasou demasiado tempo a cargo da súa nai, Ana, e quere axudala a superar os seus medos irracionais. Cando a fábrica que Csilla dirixe decide contratar empregados estranxeiros, a paz desta pequena comunidade verase perturbada, e as inxedanzas afectarán tamén aos adultos. As frustracións, os conflitos e as paixóns volverán aflorar, rompendo a paz aparente da comunidade.

«Impecable, cun guión de gran solidez e unha mirada nada complacente cara a unha realidade mostrada con toda a súa crueza»

Ángel Quintana, CAIMÁN



Entrevista con Cristian Mungiu: «Temos un comportamento incrivelmente tribal, buscamos culpables entre os que non pertencen ao noso grupo»

Por Fabien Lemerrier

R.M.N. presenta varios personaxes e aborda moitos temas. De onde xorde a idea orixinal para a película? Todo comezou cun incidente real que tivo lugar en Transilvania en 2020. Do mesmo xeito que a moitas outras persoas, conmocionoume o feito de que ocorrese un incidente xenófobo como este dentro dunha minoría. Poderíamos pensar que unha minoría sería máis comprensiva con outra, xa que están nunha situación similar, pero ocorreu o contrario. Sempre houbo loitas por preservar esta rexión e as súas tradicións históricas húngaras, por protexer a súa cultura. Así que prefiren non abrirse, nin aos romaneses nin a outra xente. Seguí de preto os acontecementos a medida que se desenvolvían, pero só empecei a pensar en convertelo nunha película cando atopei moitos outros temas que podía explorar.

A través da historia desta pequena vila, o filme fala do estado do mundo moderno, dos humanos como individuos incrivelmente tribais que necesitan identificarse cun grupo, considerando os demais como inimigos potenciais e, en canto algo vai mal, atopar un culpable entre os que non pertencen ao grupo. Pensei que esta historia era un reflexo perfecto da ansiedade que sentimos hoxe ante o futuro.

Como decidiches abordar temas tan complexos? Tentei desenvolver o meu enfoque cinematográfico, ser menos empático cos meus personaxes. En certo sentido, tentei ser máis respectuoso á hora de abordar as cuestións delicadas que estaba a explorar. Un destes temas é a forma na que as persoas pasan de ser individuos a formar parte dunha multitude. Na película, tras reunirse na igrexa, os aldeáns diríxense ao concello, e nese momento convértense nunha masa, cando empezan a perder a súa individualidade, o que desencadea as consecuencias máis trágicas da historia. A guerra en Ucraína comezou durante a posproducción da cinta, demostrando o pouco razoables que poden ser as persoas, e que non fai falta moito para que revelen o seu lado cruel, para chegar a matar, torturar ou violar aos que eran os seus veciños o día anterior. Na película, estamos a falar dun grupo de persoas que historicamente comparten a mesma lingua, pero iso xa non importa. Se a isto sumamos a relixión, a cor da pel ou os conflitos históricos, todo vira aínda máis complicado.

Tamén decidín facer algo que vai totalmente en contra dos principios habituais da narración. Todo o mundo espera que as películas obedezan certas regras, que o personaxe principal evolucione, e que ao final entenda máis do que entendía ao principio. Con todo, a vida real non é así, e a xente non cambia en dúas semanas. Todo é moito máis complexo ca iso. Se queremos basear as nosas historias na realidade e manernos fieis a ela, temos que desafiar todas estas normas que, en teoría, conforman a base da narración. Por este motivo, no que se refire ao personaxe principal, quería que estivese moi ansioso, e que proxectase toda esa ansiedade no seu fillo. Ao final, segue estando moi confundido, atrapado entre dous mundos.

Esperamos que faga reflexionar aos espectadores, aínda que actualmente o público é un pouco preguiceiro, porque non adoita estar exposto a xéneros cinematográficos que o obriguen a reunir os distintos elementos e a pensar en diferentes puntos de vista. Non quero ofrecer conclusións sobre o que deben ver os espectadores, nin xulgalos. Quero presentar unha situación incrivelmente complicada, explicar como e por que se produciu e cales son as consecuencias. A partir de aí, é responsabilidade dos espectadores emitir un xuízo moral e entender por que os protagonistas da película reaccionaron da maneira en que o fixeron.